

Expediente núm.: 1137/2023

Procedemento: Subvencións por Concorrenza Competitiva

BASES DA CONVOCATORIA PARA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO NA ANUALIDADE 2022.

A Concellería de Deportes do Concello de Soutomaior, sendo consciente da menor visibilidade e proxección que teñen os deportes que se desenvolven de xeito individual, e da dificultade que pode xurdir para participar en distintas competicións propón a convocatoria de axudas para a promoción e difusión do deporte e para impulsar a práctica deportiva a través de unha subvención económica para sufragar parte dos gastos derivados da práctica deportiva.

As bases reguladoras da concesión destas axudas establécense de conformidade co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios que regularán a convocatoria do programa: Axudas para deportistas individuais do Concello de Soutomaior, **anualidade 2022.**

Terán a consideración de deportes de carácter individual aquelas prácticas ou disciplinas deportivas que non requiren de acompañamento para levarse a cabo, é dicir que poden realizarse en solitario.

Financiarase o desenvolvemento dos seguintes proxectos ou actuacións:

- participación en competicións deportivas federadas¹ oficiais en modalidade individual ou en parellas,
- participación de deportistas con diversidade funcional en competicións oficiais.

SEGUNDA.- DESTINATARIOS/AS.

Os/as deportistas que participen en competicións deportivas federadas incluídas nos calendarios oficiais de carácter provincial, galego, estatal ou internacional e manteñan na data de presentación de solicitudes a súa actividade competitiva oficial e federada.

Os/as aspirantes terán que cumprir os seguintes requisitos:

- Estar empadroados no Concello de Soutomaior antes do **01-01-2023**
- Estar federados no período para o que se solicita a axuda e na data de solicitude da mesma dentro da modalidade que practiquen.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.

1. Entenderase por competición deportiva federada os campionatos, as ligas ou circuitos de diferentes competicións que se atopen baixo o amparo e organización dunha federación deportiva internacional, estatal ou autonómica e formen parte dos seus calendarios oficiais (non se valorarán individualmente as competicións que formen parte das mesmas; únicamente se puntuará a clasificación acadada no cómputo xeral da competición).

- Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

As axudas reguladas nas presentes bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

TERCEIRA.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de **8.500 €** distribuídos segundo o establecido **no punto sexto das presentes bases.**

O importe da axuda individual calcularase seguindo a seguinte formula:

$$\frac{8.500 \text{ €} \times \text{Puntuación individual}}{\text{Puntuación total dos solicitantes.}}$$

A puntuación individual final de cada solicitante establecerase polos puntos obtidos na baremación multiplicados polo coeficiente do deporte.

Coeficientes deporte: Deporte	Coef.
Automovilismo / Motorismo ou análogo	1,40
Ciclismo-Deportes Inercia ou análogo	1,30
Artes Marciais ou análogo	1,00
Tiro/ Tiro con arco ou análogo	1,10
Piraguismo-Remo ou análogo	1,30
Vela ou análogo	1,20
Esqui Náutico ou análogo	1,20
Atletismo	1,00
Ximnasia	1,00
Natación	1,00
Outros deportes	*

* Se hai deportes non especificados na lista, será competencia da comisión de valoración fixar o coeficiente a aplicar.

A contía máxima a percibir por deportista non poderá superar o 10% do orzamento total.

CUARTA.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello ou ben a a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo, tamén poderán presentar a súa solicitude electronicamente a través de <http://soutomaior.sedelectronica.es/>.

Cando os deportistas sexan menores de idade as axudas terán que ser solicitadas polas nais, pais ou o titores.

Data límite para a presentación de solicitudes: 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

Estas bases publicaranse na páxina web do Concello de Soutomaíor, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Boletín Oficial da provincia.

Cada deportista só poderá optar a unha única axuda, independentemente do número de modalidades deportivas que practique.

As solicitudes (Anexo I) virán acompañadas da seguinte documentación:

- a) DNI do solicitante e do pai,nai ou titor e libro de familia no caso de menores de idade
- b) Certificado de empadramento do concello de Soutomaíor. (achegarse de oficio)
- c) Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas (nacionais ou estranxeiras) para o financiamento da actividade para a que se solicita a axuda (Anexo II).
- d) Declaración xurada de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no art. 13 da Lei xeral de subvencións. (Anexo III).
- e) Declaración xurada de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria autonómica, coa facenda galega e coa Seguridade Social. (Anexo IV)
- f) Licenza federativa vixente.
- g) Memoria deportiva do do ano 2022, acompañada dos certificados oficiais emitidos pola Federación correspondente, xunto coa acta da competición/resultados, así como calquera outra documentación acreditativa dos apartados recollidos na mesma. (Anexo V e VI)

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión das axudas implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei orgánica 3/2018 de 05 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos persoais.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a tramitación do expediente correspondente.

QUINTA.- PROCEDEMENTO.

Unha vez presentada a solicitude revisarase a documentación achegada. No caso de estar incompleta ou conter erros, requiriráselles aos/ás solicitantes que no prazo de 5 **días hábiles**, acheguen os documentos preceptivos, con indicación de que se transcorrido o prazo non o fixeran, procederase ao arquivo da solicitude.

A avaliación das solicitudes realizaraa unha comisión de valoración, constituída con tal fin e terá a seguinte composición:

Presidente: A Coordinadora Deportiva do Concello de Soutomaior ou persoa en quen delegue

Secretaria: Administrativa de Secretaría ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- A técnica de Xuventude do Concello ou persoa en quen delegue
- A técnica deportiva do Concello de Soutomaior ou persoa en quen delegue
- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local ou persoa en quen delegue

Unha vez valoradas todas as solicitudes por parte da Comisión de Valoración, proporáselle a concesión das axudas á Xunta de Goberno Local do Concello, quen resolverá.

O prazo máximo para resolver e notificarlles aos interesados/as a resolución do procedemento, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

Transcorrido o citado prazo sen que se adopte resolución expresa, entenderase desestimada.

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de **3 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da notificación da resolución non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido ao Concello.

SEXTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A documentación a valorar deberá cinxirse exclusivamente a unha única modalidade deportiva para a que se solicita a axuda e na que o/a deportista teña a correspondente ficha federativa.

De acordo co punto primeiro das presentes bases, os criterios de baremación serán os seguintes:

a) Categoría na que competiu. (Máx. 8 puntos).

CATEGORÍA	PUNTOS
Prebenxamín-benxamín	5 puntos
Alevín	
Infantil	
Cadete	

Junior/xuvenil	7 puntos
Promesa/senior	8 puntos
Veterano	6 puntos

Acreditación: mediante licenza federativa.

b) Resultados deportivos (Máximo 35 puntos).

Logros obtidos en competicións deportivas federadas¹ pertencentes aos calendarios oficiais dos diferentes niveis competitivos (que requiran unha clasificación previa e na que estean inscritos un mínimo de 10 deportistas² na modalidade valorada) ou participación nas mesmas, durante o ano a que se refira a convocatoria. As competicións deportivas federadas oficiais que non requiran clasificación previa puntúan neste apartado ao 50% da táboa seguinte. Valorarase unha única proba por nivel competitivo.

Resultado	1º	2º	3º	Do 4º ao 10º	Participación
Campionato ou Copa do mundo	20p	18p	17p	15p	10p
Campionato ou Copa europea	16p	14p	13p	11p	6p
Campionato ou Copa nacional	12p	10p	9p	7p	2p
Campionato autonómico	8p	6p	5p	3p	1p
Campionato provincial	4p	3p	2p	1p	-

Acreditación: Mediante certificación da federación correspondente (autonómica, estatal ou internacional segundo o nivel da competición), (Anexo VI: modelo de certificación), ou no seu defecto calendario oficial acompañado de acta da competición/resultados.

c) Desprazamentos a competicións. Máximo 20 puntos.

Valorarase o maior desprazamento que tivera segundo o seguinte baremo:

Desprazamento	Puntos
Provincial	3
Autonómico	6
Península Ibérica	10
Internacional A(Europa e África)	15
Internacional B (América, Asia e Oceanía)	20

Acreditación: mediante a propia certificación federativa.

d) Condición do deportista. Máximo 25 puntos.

A valoración deste apartado realizarase segundo os seguintes apartados sen que poida exceder dos 25 puntos:

² Mínimo de participación por proba; poderán eximirse de este requisito aqueles deportistas que, en alomenos 2 campionatos, obtiveran posicións que cumpran o criterio deportivo pero non o número mínimo de participantes. Nos deportes que exista fase previa de clasificación para o campionato, tamén se computarán os participantes en dita fase.

- Condición de deportista de alto nivel (DAN/DGAN): 20 puntos.
- Convocado por selección nacional: 15 puntos.
- Convocado por seleccións autonómicas: 10 puntos.
- Participación en deportes que supoñan unha ruptura de barreiras culturais, segundo o anuario de estadísticas deportivas 2023 (Deporte federado) (% Inferior a 35%): 10 puntos.
- Diversidade funcional e/ou trastornos de conduta: 10 puntos por condición de diversidade psíquica e/ou funcional. Deberase aportar algún dos seguintes documentos para a xustificación dos casos:
 - x Certificado de discapacidade outorgado por organismo oficial.
 - x Certificado dun equipo de orientación educativa e/ou psicopedagóxico público.
 - x Informe médico.

Acreditación: Mediante as certificacións oportunas acreditativas da condición indicada. O item "ruptura de barreiras culturais" non é preciso acreditarlo. Aplicarase de oficio nos casos que proceda.

e) Repercusión social. Máximo 3 puntos.

Por traxectoria en anos do deportista . Ata 3 puntos segundo os seguintes criterios:

- ter sido beneficiario desta subvención en 3 convocatorias durante os últimos 5 anos: 1 p.
- ter sido beneficiario desta subvención en 4 convocatorias durante os últimos 5 anos: 2 p.
- ter sido beneficiario desta subvención en 5 convocatorias durante os últimos 5 anos 3 p.

Acreditación: de oficio polo Concello

e) Por difusión en medios de comunicación. Ata 7 puntos.

Valorarase segundo o dossier presentado con noticias publicadas en diferentes medios de comunicación. Debe apreciarse o medio de comunicación , o titular da noticia a data de publicación valorándose conforme aos seguintes criterios.

- Se é un medio de comunicación de difusión nacional ou superior : 1,4 puntos por cada noticia.
- Se é un medio de comunicación de difusión provincial ou superior : 0,7 puntos por cada noticia.
- Se é un medio de comunicación de difusión local ou inferior : 0,35 puntos por cada noticia.

Non se puntuará aqueles requisitos que non sexan acreditados, segundo o indicado nas bases.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS

A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela os/as interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a notificación, ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á referida publicación.

A resolución do procedemento farase pública, de acordo coa Lei 38/2003 xeral de subvencións.

OITAVA.- PAGAMENTO DAS AXUDAS

O pagamento das axudas farase nun único pagamento previa presentación dos gastos xustificadas con:

- **Facturas** ou certificados de pago de gastos relacionados coas actividades realizadas **correspondentes o ano en curso (2023)**. (Desprazamentos, aloxamentos e manutención que, tendo relación directa co obxecto da subvención, deriven da participación nas competicións acreditadas, produtos médicos ou paramédicos referidos ao tratamento e/ou prevención de lesións deportivas acreditadas ;adquisición de equipamento deportivo e demais elementos necesarios así como roupa deportiva necesaria para o desenvolvemento das actuacións obxecto da subvención, sempre que nela figure o logotipo actual do Concello de Soutomaior; federativos de mutualidade, licenzas, dereitos de participación nas competicións)

- Acreditación do gasto realizado (como mínimo o importe da axuda) , é dicir, que foi efectivamente pagado, podendo acreditarse mediante transferencia bancaria efectuada

- Certificado orixinal da conta bancaria, na que necesariamente figurará o solicitante (se é menor de idade a conta pode estar a nome do pai,nai ou do titor)

Prazo de xustificación: **ata o 20 de decembro** do ano en curso.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta da axuda concedida.

As axudas estarán suxeitas ás retencións fiscais obrigatorias

NOVENA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS:

De acordo co establecido nos artigos 14 LXS e 11 LSG serán obriga dos beneficiarios:

1. Facilitar a información que lle sexa requirida polo Concello de Soutomaior e polo Consello de Contas de Galicia, ao obxecto de supervisar a adecuada aplicación da subvención e someténdose á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións, e no seu caso, ao disposto no vixente Código Penal.
2. Comunicar ao Concello a obtención de calquera outra subvención ou axuda de calquera entidade pública ou privada que teña por finalidade as actividades subvencionadas.
3. Dar publicidade da subvención concedida. Estarán obrigados a sinalar en todo tipo de publicidade que realicen das actividades de que se trate, que “Colabora o Concello de Soutomaior” e na indumentaria levará o escudo ou logo do Concello de Soutomaior

DÉCIMA.- CONTROL E REVOGACIÓN DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Soutomaior resérvase o dereito a orientar técnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos así como a supervisar a efectiva realización das mesmas, e dar a coñecer públicamente as actividades subvencionadas.

O Concello de Soutomaior poderá revogar nos seguintes casos:

- 1.-Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.
- 2.-Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade a subvencionar.
- 3.-Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado primeiro do artigo sete da presente Base.
- 4.-Resistencia, escusa,obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXOS

ANEXO I - SOLICITUDE

Instancia Xeral

Datos do interesado

Tipo de persoa: NIF/CIF

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

(só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(só se Tipo de persoa = Jurídica)

Datos do representante

Tipo de persoa: NIF/CIF

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

(só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(só se Tipo de persoa = Jurídica)

Poder de representación que ostenta

Nome do Convenio

(só se Poder de representación que ostenta = Estou adhesionado a un convenio con esta administración para representar ao interesado)

Datos a efectos de notificacións

Medio de notificación

Email

MCBil

País

Provincia

Municipio

Núcleo diseminado

Código postal

Tipo Vía

Enderezo

Número / Km

Bloque

Escaleira

Planta


Porta

Extra

Expón / Solicita

Expón

Solicita

 <p>SOUTOMAIOR CONCELLO</p>	ANEXO II DECLARACIÓN AXUDAS	
---	--	--

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Nome do solicitante _____

NIF _____

Nome e apelidos do representante _____

NIF/DNI/NIE _____

Enderezo: _____ Tfno Contacto: _____

E-mail : _____


DECLARA

Que para a mesma actividade SI ____ NON ____ FOI concedida algunha axuda/subvención doutra Administración pública ou privada para o mesmo fin.

Soutomaioir, a ____ de _____ de 2023

Asdo: _____

No caso de menores de idade, asina pai/nai/Titor

 <p>SOUTOMAIOR CONCELLO</p>	ANEXO III DECLARACIÓN AXUDAS	
---	---	--



DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE OU INCAPACIDADE PARA PERCIBIR SUBVENCÍONS OU AXUDAS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Nome do solicitante _____

NIF _____

Nome e apelidos do representante _____

NIF/DNI/NIE _____

Enderezo: _____ Tfno Contacto: _____

E-mail : _____

DECLARA

Que non estou incurso/a en causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvencións ou axudas da Administración Publica conforme ao disposto no art. 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Soutomaior, a ____ de _____ de 2023

Asdo: _____

No caso de menores de idade, asina pai/nai/Titor

	ANEXO IV DECLARACIÓN	
--	---------------------------------	--

DECLARACIÓN DE NON ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE



Nome do solicitante _____
NIF _____
Nome e apelidos do representante _____
NIF/DNI/NIE _____
Enderezo: _____ Tfno Contacto: _____
E-mail : _____

DECLARA

Que está ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Facenda da CC.AA e coa Seguridade Social e non ter débedas de ningún tipo co Concello de Soutomaior.

Ao mesmo tempo autorizo ao Concello de Soutomaior para obter as certificacións da Axencia estatal e autonómica da Administración tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que acredite estar ao corrente nas obrigas tributarias

Soutomaior, a _____ de _____ de 2023

Asdo: _____

No caso de menores de idade, asina pai/nai/Titor

	ANEXO V MEMORIA	
--	----------------------------	--

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Nome do solicitante _____
NIF _____
Nome e apelidos do representante _____
NIF/DNI/NIE _____
Enderezo: _____ Tfno Contacto: _____
E-mail : _____

Deporte: _____

Méritos a valorar: Marque cunha X cada un dos apartados a acreditar.

a) Categoría na que competiu

CATEGORÍA	
Prebenxamín-benxamín	
Alevín	
Infantil	
Cadete	
Junior/xuvenil	
Promesa/senior	
Veterano	

b) Resultados deportivos

Resultado	1º	2º	3º	Do 4º ao 10º	Participación
Campionato ou Copa mundial					
Campionato ou Copa europea					
Campionato ou Copa nacional					
Campionato ou Copa autonómica					
Campionato provincial					

c) Desprazamentos.

Desprazamento	Datos da competición: data, lugar, tipo competición.
Provincial	
Autonómico	
Península Ibérica	
Internacional A(Europa e África)	
Internacional B (América, Asia e Oceanía)	

d) Condición do deportista

Condición.	
Condición de deportista de alto nivel (DAN/DGAN)	
Convocatoria a selección nacional	
Convocatoria a selección autonómica	
Participación en deportes que supoñan unha ruptura de barreiras culturais, segundo o anuario de estadísticas deportivas(% Inferior a 35):	
Diversidade funcional e/ou trastornos de conduta	


e) Por difusión en medios de comunicación.

Tipo de medio de difusión:	
un medio de comunicación de difusión nacional ou superior	
medio de comunicación de difusión provincial ou superior	
medio de comunicación de difusión local ou inferior	

En _____ a _____ de _____ de 2023

Asdo: _____

No caso de menores de idade, asina pai/nai/Titor

 SOUTOMAIOR CONCELLO	ANEXO VI ACREDITACIÓN RESULTADOS DEPORTIVOS	
--	--	--

Federación deportiva: _____

CERTIFICA QUE:

Nome do interesado _____ con DNI núm. _____

Obtivo nas competicións pertencentes ó calendario oficial 2022 (individuais/dobres), os resultados que a continuación se mencionan:

Denominación da proba, lugar e data onde se realiza.	Require clasificación previa.	Categoría	Modalidade	Clasificación
	SI NON			

	SI	NON			
	SI	NON			
	SI	NON			

En _____ a _____ de _____ de 2023.

SINATURA E SELO DA FEDERACIÓN